



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Planificación estratéxica na biblioteca pública.

GRUPO: Cursos Local

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	30
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2008
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL + TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

-Obxectivos xerais:

- 1.Proporcionar aos profesionais da biblioteca pública os coñecementos teóricos sobre a planificación estratéxica, dar a coñecer a metodoloxía para planificar o proxecto e os servizos dunha biblioteca pública e ofrecer directrices para a posta en práctica da teoría impartida.
- 2.Capacitar profesionais na análise, implementación e comunicación dun proxecto de biblioteca pública.

-Obxectivos específicos:

- 1.Reflexionar sobre que implica planificar estratexicamente na biblioteca pública.
- 2.Impartir a teoría básica da planificación estratéxica.
- 3.Coñecer a metodoloxía para saber planificar e traballar por obxectivos.
- 4.Saber traballar cun Plan de Xestión que defina un proxecto global de biblioteca.
- 5.Saber pór en práctica os conceptos teóricos impartidos.

DESTINATARIOS

Persoal bibliotecario dos centros con tarefas e/ou recursos que repercutan nos servizos das bibliotecas da rede.

PROGRAMA

- A biblioteca pública no marco da administración pública actual.
- Nocións básicas de planificación estratéxica.
- A biblioteca pública, como organización de servizos.
- Definición do proxecto de biblioteca pública. O Plan de xestión da biblioteca.
- A Visión.
- A Misión.
- Diagnóstico da situación.
- O traballo por obxectivos.
- O proceso de planificación estratéxica. O desenvolvemento da "actitude estratéxica".
- O posicionamento estratéxico da biblioteca na comunidade.
- Planificación dun servizo ou produto da biblioteca.
- Ferramentas para a planificación estratéxica.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

1. Que exista unha relación directa entre as tarefas que realiza o solicitante no desempeño do seu traballo e a materia ou materias obxecto do curso.
2. O menor número de cursos realizados en escolas ou institutos da Administración durante os últimos dous anos.
3. A antigüidade, como tal, entenderase o tempo transcorrido desde a data de ingreso na Administración pública.
4. No caso de vacantes, poderán cubrirse as prazas con titulados universitarios en biblioteconomía e/ou documentación, historia, filoloxía ou humanidades.
5. Para atender ás necesidades formativas dos bolseiros da EGAP e da rede de bibliotecas de Galicia poderán reservarse ata un 10% do total das prazas convocadas en cada curso.

En todo caso, con carácter supletorio, serán aplicables os sinalados con carácter xeral na resolución da Escola Galega de Administración Pública do 4 de xaneiro de 2008 (Diario Oficial de Galicia nº 7, do 10 de xaneiro) e, de ser o caso, os criterios específicos que se establezan para cada acción formativa sinalados no anexo II.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

INICIO / FIN: 15/04/2008 a 18/04/2008

NUM. PRAZAS: 25

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

Roser Lozano Diaz